

## PEZA DO MES

abril

2004



### FUSTE DE SAN FRANCISCO

MEDIADOS SÉCULO XIV

LABRA EN GRANITO

140,2 x ø 20 CM

PROCEDE DO HUMILLADOIRO DE SAN FRANCISCO(OURENSE)

Nº INVENTARIO 1

CANDO A PEDRA DURMIDA E ACOCHADA  
DA TERRA-NAI NO GARIMOSO SEO  
DESPERTA DO SEU SONO MILENARIO  
E QUER SER ORACIÓN E PENSAMENTO,  
FLORECE UN VARAL, ESTENDE OS BRAZOS,  
E PÓNDOSE EN PÉ FAISE CRUCEIRO.

RAMÓN CABANILLAS



HUMILLADOIRO DE SAN FRANCISCO DE OURENSE. DEBUXO DO SÉCULO XVIII. ANVERSO


## FUSTE DE SAN FRANCISCO

Esta peza, que inicia o libro de rexistro dos fondos do Museo, ingresa por doazón do Concello de Ourense como se recolle no primeiro volume do Boletín da Comisión Provincial de Monumentos de Ourense (1898-1901), formando parte da lista de obxectos que dende 1895 se obteñen para o novo Museo. Nese mesmo Boletín, Arturo Vázquez Núñez menciona a procedencia deste fuste, o Humilladoiro que existía no camiño do convento “*junto al Bosque de San Francisco*” según relata un libro manuscrito do século XVIII, atribuído ao P. Sarmiento, que se conserva no Museo e gracias ao que podemos recuperar, a través dunha fermosa lámina, ésta obra tristemente desaparecida. Ata nós, ademáis do fuste, só chegaron dúas pedras pertencentes a un dos piares da teitume que guarecía o cruceiro cunha inscrición co nome do dedicante e a data en letras góticas. Ingresan en 1950, doadas polo arquitecto municipal Mariano Rodríguez Sanz, quen as atopa ao iniciarse as obras do antigo Parque de Bombeiros, no parque das Mercedes, o que nos revela o emprazamento exacto do cruceiro.

En referencia a este monumento, Olga Gallego, saca á luz dous interesantes documentos gardados no Arquivo Histórico ourensán. O primeiro, de 1548, no que se outorga escritura de arrendo no “*Campo da Imagen de a par del monasterio de San Francisco*”. Polo segundo, de 1639, sabemos que a confraría da Santa Veracruz, do mosteiro de San Francisco, coidaba o milladoiro “*que está en el campo a la salida del convento, fundación de algunos cofrades antiguos y por estar arruinado y maltratado*” o maiordomo Pedro Sotelo de Nóvoa trata co carpinteiro de Ourense, Pedro de Armida, para que faga o milladoiro nun prazo de dous meses e por un precio de 24 ducados: “*Quitaría os 4 pilares que tiña de pau e fundaría sobre as 4 columnas de pedra que estaban nas catro esquinas do cobertizo do cruceiro con 4 vigas novas cuadradas do groso dobrado que teñen as que estaban na obra e o ceo de riba hao de poñer de pontós e madeira nova coas suas cintas e molduras, trazando todo da mesma traza que tiña en cadrado cos seus cadrados e cartelas cos seus estribos cadrados e suas cartelas debaixo a dos órdenes e todo elo de madeira boa e nova*”.

Os humilladoiros ou milladoiros son os cruceiros das encrucilladas, lindes de parroquias ou adros das igrexas. Nos milladoiros os peregrinos ou romeiros que se dirixen a un lugar de culto relixioso amorean pedras por unha promesa cumprida ou como ritual funerario. Os cruceiros son testemuña das promesas que se materializan nos milladoiros. A súa orixe é incerta pero téñense por creacións góticas, vinculadas ás órdes mendicantes, especialmente aos franciscanos, que instituíron o culto á cruz na devoción popular. Como di Castelao: “*O cruceiro é un enxendro post-románico impulsado polo afán de imitar as cruces procesionais*”. O escritor fai un apaixonado traballo artístico e de investigación no libro *As cruces de pedra na Galiza*, dando a coñecer e dignificando o cruceiro como símbolo unido á paisaxe tradicional galega e no que se emparella a expresión da sensibilidade popular coa creación artística.

O cruceiro de San Francisco estaba formado por varios elementos. A plataforma, constituída por catro chanzos ou gradas de sillería de forma cadrangular. Sobre ela, o pedestal, tamén coa mesma forma, do que arrinca o varal ou fuste e por último a cruz. O conxunto cubríase cunha teitume apoiada en catro piares



HUMILLADOIRO DE SAN FRANCISCO DE OURENSE. DEBUXO DO SÉCULO XVIII. REVERSO

graníticos de sección octogonal. Nun deles estaría a inscrición anteriormente mencionada, da que damos a súa transcripción:

ESTA: CAPELA. MA(n)DOU: FACER:  
G(onzal)O: P(ere)S: DE: RE: Q(uei)XO: A  
HO(n)RA: DE: DE(u)S: E: DELOS: S(ant)OS:  
A(n)G(e)L(e)S: E: LABROSE: AN(n)O: DE: M:  
CCCC: LX: AN(n)OS

A cronoloxía reflexada na inscrición sería o ano 1460. Sen embargo Dolores Fraga Sampedro situa o cruceiro a mediados do século XIV, tras unha exhaustiva análise que a leva a poñelo en relación co templete do Padrão do Salado en Guimaraes (Portugal), obra de 1349 e quizais labrados ambos polo mesmo obradoiro pois a tipoloxía do cruceiro, iconografía e disposición das figuras son moi semellantes. Polo tanto a inscrición debe aludir á data da elevación do templete que cubría o cruceiro dándolle aparencia de capela e protexendoo. Ademais, como era habitual, só nos fala do nome do dedicante que financia a obra pero nada se nos di do mestre canteiro que labrou o duro granito. Tampouco hai ningún motivo heráldico, o que manifesta unha vinculación coa piedade popular, estimulada polo clero.

Non era o único baldaquino galego, xa que dous máis se veneraban na nosa terra, o de Santa María a Nova de Noia e o da Trindade da Colexiata de Baiona. Dende finais do século

XV ata mediados do século XVI, floreceron aquí as obras dos baldaquinos con variada iconografía, afíns aos calvarios bretóns en espírito, material, motivos e técnica escultórica.

Nada sabemos da cruz flordelisada que amosaba no anverso, baixo umbela imperial, un crucificado que, sen grandes mostras de dor, inclina a cabeza lixeiramente á dereita, con tres cravos, co pé dereito sobre o esquerdo e o pano de pureza por enriba do xeonllo anoado á cadeira, segundo o estilo do século XIV. No reverso, tamén baixo un elegante doselete gótico, a Virxe co Neno ataviada con túnica, manto, veo e coroa.

O fuste, de sección circular, está circundado, na parte superior por catro anxos de corpo enteiro apoiados en senllas peañas. Visten dobre túnica de pregues tubulares e de caída vertical. Por riba das súas cabezas, e rematando a árbore do cruceiro, unha fermosa fronda serviría de base á cruz. No anverso, dous anxos, ataviados con dalmática, un con cartela, podería ser Uriel o outro no momento da Psicostasis, identificado como San Miguel loitando co demo, xa que o fiel da balanza que serve para pesar as boas e malas accións dos homes antes de levar a súa alma perante Deus, prolóngase facendo unha cruz que crava na boca do dragón que ten aos seus pés. Na parte baixa, onde adoitan ser situados, Adán e Eva, sobre senllas ménsulas e baixo dous doseletes. Entre eles a árbore do ben e do mal coa serpe enroscada, representación esotérica do demo. O pecado orixinal aparece teatralmente concentrado nun só instante: a tentación, o pecado e o seu recoñecemento. Arrepentidos, descubren ó pudor e tratan de tapar a nudez coas mans e con follas. Eva colle a mazá e Adán bota a man á gorxa que inxire o froito prohibido. A escea do Paraíso, que tamén aparece en cruces de Irlanda e Escocia, é abrazada polo misticismo da Idade Media como exemplo de moralidade, simbolizando o pecado vencido pola cruz. Adán e Eva son os pais da humanidade pecadora sobre a que se derrama o sangue de Cristo na cruz para a súa Redención.

No reverso do fuste, na parte superior, de novo dous anxos de semellante factura ós anteriores que quizais sexan Gabriel coa cartela e Rafael co libro, segundo a tradición medieval que sitúa a ambos na escena da Anunciación. Ademais compre ter en conta o gusto galego pola anxolatría: veneración ou culto aos anxos que posteriormente aparecerán vinculados aos retábulos das ánimas, moi espallados polo noso territorio.

## HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións creceron considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

## O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

## HORARIO DO MUSEO

Temporalmente permanecerá pechado, por obras de reforma e acondicionamento.

Visite a nosa páxina.

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/mapo>

### PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: María del Pilar Núñez Sánchez. FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME:A.G. Vicus, S.A.L.

ISSN: 1579-9956 DEPÓSITO LEGAL: VG-97-2004



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO



XACOBEO 2004  
Galicia

